



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR SOLICITUDE FONDO LIBROS 2022/2023 (Do 19/05/22 ao 22/06/22)

- **ANEXO I e II** debidamente cuberto.
- **DNI ou NIE da persoa solicitante** (Persoa adulta).
- **Copia do libro de familia ou equivalente** onde figuren todos os membros computables.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:

Para o alumnado de EP e ESO

No caso de que a persoa solicitante e/ou os membros computables se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:

- Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, á falta deste, o certificado tributación de imputacións no exercicio 2019.
- Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)

Se o solicitante posúe DNI ou NIE:

- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Excepcionalmente, no caso de que o solicitante careza de DNI ou NIE, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia no que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

- a. Certificado acreditativo do **grao de discapacidade**, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- b. **Violencia de xénero**: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- c. Resolución xudicial de **incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, no caso que corresponda.
- d. Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o **alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia**.
- e. Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor e titoras carezan de DNI e NIE.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2019, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.